

CIG-SAÚDEinforma

CIG-SAÚDE INSTA AO MINISTERIO DE TRABALLO PARA QUE O PERSOAL DA SANIDADE TAMÉN TEÑA COEFICIENTES REDUTORES E POIDA CHEGAR ANTES Á IDADE DA XUBILACIÓN.

CIG-SAÚDE, en condición legal de sindicato mas representativo a nivel de Galiza e conforme ao artigo 7.1 da Lei Orgánica 11/1985, de 2 de agosto, de liberdade sindical, ven de solicitar ao “**MINISTERIO DE TRABAJO, MIGRACIONES Y SEGURIDAD SOCIAL**” que inicie o procedemento para establecer coeficientes redutores e anticipar a idade de xubilación no persoal das bases medicalizadas do 061.

“Que, ao amparo do disposto no artigo 10 do Real Decreto 1698/2011, de 18 de novembro, polo que se regula o réxime xurídico e o procedemento xeneral para establecer coeficientes redutores e anticipar a idade de xubilación no sistema da Seguridade Social, formula SOLICITUDE DE INICIACIÓN DO PROCEDIMENTO de coeficientes redutores da idade de xubilación para o persoal sanitario asistencial (médicas/os e enfermeiras/os) dos servizos públicos de urxencias e emerxencias sanitarias SAMU 061, tanto da base simple (ambulancia de soporte vital avanzado), como de base dobre (helicóptero HEMS [*Helicopter Emergency Medical Service*] e ambulancia de soporte vital avanzado)”

Desde hai tempo a CIG-SAÚDE ven demandando que se cre un réxime especial para que o persoal que traballa na sanidade pública teña coeficientes redutores para o acceso á xubilación. E dicir, que o persoal se poida xubilar anticipadamente cos mesmo efectos como se a xubilación se producise aos 65 anos, ou aos 67 que regula a actual norma.



Agora decidimos iniciar, unha vez mais, esta reivindicación co persoal das bases medicalizadas do 061, por que este colectivo reúne todas as condicións que se establecen noutros ámbitos: bombeirxs, policías...

CIG-SAÚDE vai seguir demandando o coeficiente redutor para todas a categorías.

Imos conseguir que un colectivo da sanidade pública teña dereito a este coeficiente redutor, para que despois este dereito se amplíe a outros colectivos e atodxs xs traballadorxs da sanidade.

Infórmate, participa e defende os teus dereitos